

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VIMIANZO

*Convocatoria do proceso de selección da bolsa de emprego de peóns especialistas e capataces para a patrulla verde e traballos medioambientais no Concello de Vimianzo*

### ANUNCIO

Por Resolucións de Alcaldía núm. 511/2021, con data do 28/05/2021, e núm. 530 /2021, con data do 01/06/2021, aprobáronse as bases que regulan o proceso de selección da bolsa de emprego de peóns especialistas e capataces para a patrulla verde e traballos medioambientais no Concello de Vimianzo, que se transcriben a continuación.

#### Primeira.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é a selección de persoas que conformarán a bolsa de emprego de peóns especialistas e capataces para a patrulla verde e traballos medioambientais no Concello de Vimianzo.

#### Segunda.- Requisitos dos aspirantes.

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta bolsa:

- Nacionalidade: ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do RDLex. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Emprego Público.

- Capacidade funcional: posuír a capacidade funcional, así como a capacidade física e psíquica necesaria para o desempeño das tarefas correspondentes ao posto de peón para as brigadas de prevención e defensa contra os incendios, que se relacionan na base primeira.

- Idade: ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

- Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

- Compatibilidade: Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Requisitos de carácter específico para capataces :

- Posuír a titulación de graduado en ESO, EXB ou equivalentes.

- Contar co permiso de conducir B, ou aqueles outros equivalentes conforme á lexislación española.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles no momento da contratación, e será nula a contratación dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

#### Terceira.- Funcións. Duración e tipo de contrato.

As funcións e tarefas a realizar son as seguintes:

- Limpeza de espazos públicos.

- Limpeza de maleza en espazos de uso público.

- Desbroces mecanizados, empregando diversas máquinas e ferramentas.

- Actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, á recuperación do medio natural degradado ou contaminado.

- Actuacións de protección do medio ambiente e do espazo natural.

- Outras funcións relacionados co posto de traballo que sexan encomendadas polo seu superior.

O capataz, a maiores, responsabilizarase da organización, xestión e coordinación dos membros da patrulla/equipo, da coordinación coas autoridades municipais, do cumprimento das obrigas en materia COVID19 e de prevención de riscos laborais e do estado de conservación dos medios materiais.

A duración do contrato e a xornada determinarase mediante Resolución da Alcaldía, en función dos programas que se desenvolvan e da dispoñibilidade orzamentaria para a súa execución.

Establecerase un período de proba de 15 días.

#### **Cuarta.- Retribucións.**

Capataces: As retribucións estipuladas serán de 1.225,00 € euros brutos mensuais (soldo e pagas extras prorrateadas incluídas). A cotización á seguridade social determinarase polo grupo de cotización número 5.

Peóns especialistas: As retribucións estipuladas serán de 1.165,00 € euros brutos mensuais (salario e máis parte proporcional da paga extra, incluídas). A cotización á seguridade social determinarase polo grupo de cotización número 9.

Aplicaranse as actualizacións anuais correspondentes.

#### **Quinta.- Sistema de selección e desenvolvemento das probas.**

A selección dos candidatos a formar parte da bolsa para os dous tipos de postos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de concurso-oposición.

En primeiro lugar levarase a cabo a fase de oposición, e tan só se valorarán os méritos daquelas aspirantes que superen a fase de oposición.

No caso de que un mesmo aspirante se presentase ás dúas categorías obxecto da presente selección, realizará unha soa vez aquelas probas que sexan comúns a ambas.

#### **1º. Fase de concurso (puntuación máxima: 4 puntos):**

##### **A) Experiencia laboral:** ata un máximo de 3 puntos.

-Capataces: Valorarase a experiencia na administración pública ou en empresa privada como capataz dun equipo dedicado a tarefas relacionadas coa área medio ambiental : 0,10 puntos por mes traballado.

-Peóns: Valorarase a experiencia na administración pública ou en empresa privada como peón especialista en tarefas relacionadas coa área medio ambiental : 0,10 puntos por mes traballado.

A experiencia profesional acreditarase de acordo co seguinte detalle:

a) Experiencia por conta allea. Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola administración da Seguridade Social, que se acompañará de fotocopia dos contratos, de nómina, de certificado oficial de empresa ou outro documento oficial que especifique a categoría profesional e o posto ocupado, que terá que ser igual ou similar ao posto ofertado. Non se computa a experiencia por conta allea que non estea reflectida no Informe de Vida Laboral.

b) Traballadores autónomos ou por conta propia. Informe de vida laboral expedido pola administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE en actividades relacionadas directamente coas funcións do posto. Así mesmo, xustificarase o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados.

##### **B) Formación:** ata un máximo de 1 punto.

-Por estar en posesión dun curso de formación en materia de prevención de riscos laborais impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologados por estas, de 60 horas ou máis, outorgarase un punto.

A documentación que se presente para acreditar os requisitos e méritos deberá ser orixinal ou copia cotexada ou asinada dixitalmente.

#### **2º. Fase de oposición (puntuación máxima: 6 puntos)**

-Proba tipo test: Realizarase un exame tipo test cun total de 20 preguntas cunha puntuación de ata 1 punto, outorgándose unha puntuación 0,05 puntos por cada pregunta correcta, non restando as incorrectas.

Estableceranse 4 preguntas de reserva para o caso de que existise algunha impugnación.

Ten por obxectivo avaliar os coñecementos teóricos nas seguintes materias:

##### **CAPATAZ:**

- 1.- O Municipio de Vimianzo: xeografía, cultura e historia.
- 2.- Os municipios. Competencias e órganos de goberno.
- 3.- O municipio de Vimianzo: nomenclátor.

- 4.- Conceptos básicos en prevención de riscos laborais.
- 5.- Protección de ecosistemas forestais.
- 6.- Coordinación de equipos.
- 7.- Cartografía.
- 8.- Coñecemento e manexo de máquinas e ferramentas para a realización das funcións obxecto do posto.
- 9.- Flora e fauna autóctona.
- 10.- Xestión dos residuos.

**PEÓN ESPECIALISTA:**

- 1.- O Municipio de Vimianzo: xeografía, cultura e historia.
- 2.- O Municipio de Vimianzo: nomenclátor.
- 3.- Os municipios. Competencias e órganos de goberno.
- 4.- Conceptos básicos en prevención de riscos laborais.
- 5.- Protección de ecosistemas forestais.
- 6.-Coñecemento de máquinas e ferramentas para a realización das funcións obxecto do posto.
- 7.- Flora e fauna autóctona.
- 8.-Xestión dos residuos.
- 9.- Manexo de desbrozadoras.
- 10.-Manexo de motoserras.

**3º. Proba práctica.** Cunha puntuación de ata 5 puntos.

Capataz: Consistirá en realizar unha proba de organización dunha equipa. O tribunal valorará a capacidade de organización, xestión, coñecementos dos medios persoais e materiais necesarios.

Peóns: Ten por obxectivo avaliar os coñecementos prácticos nas tarefas medioambientais correspondentes coas funcións propias do posto (manexo de motoserra, desbrozadoras, etc).

Para a valoración desta proba práctica, o tribunal poderá solicitar a colaboración/asesoramento de persoal municipal con coñecementos similares aos do posto ou de asesores externos.

**4º. Proba de galego:** en aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten estar en posesión do Celga 2 ou equivalente, terán que realizar unha proba de galego, que será cualificada como apto ou non apto e terá carácter eliminatorio. Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do Celga 2 ou equivalente.

Será necesario obter unha puntuación mínima de 3 puntos para superar a fase de oposición.

As persoas aspirantes serán convocadas para a fase de oposición en chamamento único, quedando decaídas no seu dereito as persoas que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse provistas do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén as vestimentas e os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, previa audiencia, comunicándose con axilidade á autoridade que convocara o proceso selectivo.

A orde de actuación das persoas aspirantes naqueles exercicios que non se poidan celebrar conxuntamente será a alfabética.

Os anuncios relativos ás diferentes fases do proceso serán publicados no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Vimianzo.

Para a realización das probas, tomaranse as medidas de seguridade precisas en relación coa COVID-19, debendo as/os aspirantes presentarse co seu propio bolígrafo e mascarilla. Durante a realización delas adoptaranse as medidas necesarias para garantir a seguridade dos aspirantes.

**Sexta.- Presentación de instancias e procedemento de selección.**

O prazo de presentación de instancias solicitando participar no proceso selectivo dirixiranse á Sra. Alcaldesa do Concello de Vimianzo, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, no prazo de CINCO DÍAS NATURAIS a contar dende o seguinte a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia. No caso de presentar a solicitude por medio distinto ao do rexistro municipal, deberase adiantar no correo electrónico (correo@vimianzo.gal), un resguardo de ter presentado a solicitude dentro do prazo de presentación de instancias.

Aquelas solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido a tal efecto, quedarán excluídas do proceso de selección.

Xunto á instancia, que deberá presentarse conforme o modelo do anexo I, debe presentarse a seguinte documentación:

- a) Copia simple do DNI.
- b) Copia simple do permiso de conducir esixido (só para capataces)
- c) Copia simple do título académico esixido (só para capataces).
- d) Declaración xurada na que se faga constar expresamente que o aspirante posúe capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto.
- e) Xustificante dos méritos que aporta para a súa valoración no concurso.
- f) Copia simple do certificado Celga 2 ou equivalente, de ser o caso.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Sra. Alcaldesa, mediante resolución aprobará a listaxe provisional de admisión e exclusión. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal, relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión. Nesta resolución incluírase a composición do tribunal.

Os aspirantes excluídos disporán do prazo de DOUS DÍAS HÁBILES para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas, a partir da publicación da listaxe provisional no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Vimianzo.

Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a listaxe definitiva, que se publicará na mesma forma. Nela indicárase a data, hora e lugar de celebración das probas.

Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interperse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

**Sétima.- Tribunal cualificador.**

1.- O tribunal cualificador designado pola Alcaldía - Presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de Abril reguladora das Bases do Réxime Local), e en base ao establecido polo RDLex. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente/a: un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vimianzo.

Secretario/a: un/ha funcionario/a de carreira do Concello de Vimianzo.

Vogais: tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo da administración local, autonómica ou estatal.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, como mínimo, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23.2 da Lei 40/2015. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos nelas.

5.- O tribunal elevará á Alcaldía a proposta de bolsa coa orde de prelación con dúas listas, unha para a de capataces e outra para peóns especialistas.

6.- Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados segundo se indica no RD 462/2002 de 24 de maio (e normativa concordante e/ou substitutiva).

7.- Os membros do tribunal deberán tomar as medidas necesarias para previr situacións de contaxio derivadas do COVID-19, para o que, o concello deberá provelos dos EPIS necesarios, os cales serán de utilización obrigatoria.

8.-Unha vez realizadas as probas, publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Vimianzo os resultados acadados por orde de puntuación, e darase o prazo de dous días hábiles para que as persoas interesadas presenten alegacións no Rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Neste último caso, deberán adiantar no correo electrónico: correo@vimianzo.gal, un resgardo de ter presentado a alegación dentro do prazo de presentación.

Unha vez rematado o prazo anterior, o tribunal elevará proposta á alcaldía das persoas que cumpren os requisitos para formar parte da bolsa de contratación con dúas listas por orde de prelación, unha de capataces e outra de peóns especialistas.

**Oitava.- Funcionamento da bolsa de contratación e formalización dos contratos.**

A proposta do tribunal cualificador elevarase á Alcaldía, que ditará a Resolución relativa á constitución da bolsa de contratación con dúas listas por orde de prelación, unha de capataces e outra de peóns especialistas. Esta Resolución será publicada no taboleiro de anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Vimianzo.

A bolsa terá unha duración de dous anos contados a partir do día de publicación do anuncio sobre a súa constitución na Sede Electrónica do Concello de Vimianzo.

A formalización do contrato laboral cos aspirantes seleccionados será competencia da Sra. Alcaldesa. Os integrantes da bolsa serán convocados por orde de prelación e deberán comunicar a súa aceptación e presentar a documentación que se relaciona a continuación, no prazo de tres días, contados a partir da publicación do anuncio na Sede Electrónica do Concello de Vimianzo:

- Documentación orixinal a que se refire a base 2ª así como a que fose obxecto da súa valoración, ademais da tarxeta da seguridade social (ou documento que acredite o número de afiliación, certificado de conta bancaria e informe/certificado médico que acredite a súa capacidade funcional para o desempeño do posto.

Se algún dos aspirantes non achegase a documentación ou esta non se adecuase aos requisitos esixidos, anularase toda actuación, correndo a lista ao seguinte con máis puntuación, que procederá do mesmo xeito.

## ANEXO I

## MODELO DE SOLICITUDE

PROCESO DE SELECCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE PEONS ESPECIALISTAS E CAPATAZES PARA A PATRULLA VERDE E TRABALLOS MEDIOAMBIENTAIS NO CONCELLO DE VIMIANZO

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DNI	TEL. MOBIL	CORREO ELECTRÓNICO
ENDEREZO	MUNICIPIO	CÓDIGO POSTAL

POSTO AO QUE OPTA (sinalar o que proceda)

- Peón especialista       Capataz

EXPOÑO:

1. Que teño coñecemento da publicación das bases para o proceso selectivo que figura no encabezado e que as acepto.

2. Que cumpro os requisitos recollidos na base segunda.

3. Que presento a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI
- Copia simple do permiso de conducir B (só para posto de capataz)
- Copia simple de titulación de ESO, EXB ou equivalente (só para posto de capataz)
- Xustificantes para a valoración de méritos
- Copia simple do certificado Celga 2 ou equivalente
- Informe/certificación médica sobre a capacidade funcional
- Outra: .....

4. Que autorizo o uso dos datos que facilito a efectos de levar a cabo as tramitacións e comunicacións relacionadas co proceso de selección.

5. Manifesto a miña disposición a realizar o recoñecemento médico da empresa.

Por todo o anterior, SOLICITO:

A Vde., teña por presentada a miña candidatura para participar no proceso de selección que figura no encabezado

Vimianzo, a.....de ..... de 2021

Asdo.: .....

**SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VIMIANZO**

Vimianzo, a 1 de xuño de 2021

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

2021/4741